


Cultural:

Pazo da Cultura e Teatro Principal **Pontevedra**

OUTUBRO
A DECEMBRO
2010

Toda a programación
do trimestre



Ovay O primeiro solo
de danza galega

Etheria
do Centro Coreográfico Galego

Mostra de fotografía submarina



Pazo da Cultura de
PONTEVEDRA
Concello de Pontevedra

Ovay

O primeiro solo de danza galega

A compañía Quique Peón Cía presenta no Pazo da Cultura *Ovay*. A montaxe ten o privilexio de ser o primeiro solo de danza galega, está interpretado e dirixido por Henrique Peón e conta coa música de Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde.


Ovay é o berro que lle adican os canteiros ao ousado que encara un perigo sen vacilar, ao que reclama orgulloso o que é seu e dos seus. É a valentía de enfrontarse á propia evolución, de reivindicar a identidade cultural renovada, de procurar un equilibrio maduro entre o enxebre e o depurado, entre a forza e o sosego, entre o urbano e o tradicional, entre o masculino e o feminino, sinalan desde Falcatruada, selo discográfico que xa publicou o espectáculo en formato dvd-book gravado ao vivo no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

Os puntos cardinais son en *Ovay* simboloxía dos puntos cardinais da vida: o masculino, o feminino, o nacemento a madurez... a través deles, o autor irá explorando e experimentándoos para trasladar deste xeito ao público os sentimentos implícitos en cada un.

A peza mestura na súa coreografía as formas de expresión masculina e feminina así como as frases tradicionais no marco da danza contemporánea. Tenta, deste xeito, non perder

VENRES 5 NOVEMBRO
21.00 H

AUDITORIO
DO PAZO DA CULTURA



o esencial; o cerne do propio espírito, a expresividade e a sentimentalidade. *Ovay* vai máis aló do virtuosismo do bailador: amosa o seu interior, fusionando os instrumentos, o canto e o teatro co mesmo baile, e tentando que o espectador reconeza e redescubra, a un tempo, o seu.

A música en *Ovay* é o eixo conceptual da obra. Conxuga harmo- nicamente os instrumentos tra- dicionais e as novas tecnoloxías usando melodías recollidas de cada zona e mudando de inten- sidade e significación segundo o requira a parte coreográfica e dra- mática.

Fotografía submarina

DO 14 DE OUTUBRO
AO 11 DE NOVEMBRO

PAZO DA CULTURA



Foto: J.J. Candán (www.jjcandán.com)

Asala de exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra acolle dende os meses de outubro e novembro unha singular mostra de fotografía submarina. A exposición contén as 40 fotografías (39 imaxes submarinas de diferentes categorías e unha imaxe explicativa) do Circuito Galego de Foto-Sub 2009.

O Circuito Galego Foto-Sub dispútase en oito probas organizadas por distintos clubs de Galicia. As

fotografías expostas son as mellores en cada unha das seis categorías existentes: ambiente, ambiente con modelo, peixe enteiro, parte de peixe, macro non peixes e macro selectivo. Entre as obras expostas están algunhas pezas do fotógrafo Jorge Candán, galardoado en máis de 50 certames de fotografía submarina, con obra publicada en National Geographic ou Mundo Científico e actual Campeón de España de video submarino.



Foto: Lyona

Love of Lesbian

O Auditorio do Pazo acolle o concerto despedida de xira do aclamado grupo *indie* Love of Lesbian. Os barceloneses van presentar ao público pontevedrés os temas do seu último traballo discográfico; *1999 (o cómo generar incendios de nieve con una lupa enfocando a la luna)*. Trátase dun traballo, o sexto da formación e terceiro gravado en castelán, plantexado coma unha película na que se narra a historia de amor e desamor de Marina e Carles.

Os Love of Lesbian están considerados por parte da crítica musical especializada, como o grupo *indie pop* do ano. Comezaron a súa carreira en 1998. O seu primeiro

DOMINGO 19 DE DECEMBRO

AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA

disco, *Microscopic Movies*, deulles daquela certa repercusión. Pouco despois foron escollidos polo líder dos The Cure, Robert Smith, para seren teloneiros da súa xira. Este feito deulles notoriedade a nivel nacional.

Desde aquela gravaron 6 discos. Os dous primeiros integramente en inglés para, paulatinamente, iren integrando temas en castelán, até este último traballo co que pechan xira en Pontevedra.

Congresos e feiras

CONGRESO | PAZO DA CULTURA

DO 4 AO 9 DE OUTUBRO DE 2010

Congreso Internacional Reino Suevo de Galicia, 1600 anos do Reino de Galicia

Encontro no que se analizará a historia antiga de Galicia, en particular o Reino Suevo, nacido hai 1600 anos. Os obxectivos deste congreso son a divulgación dos máis recentes estudos sobre a materia, o establecemento dun foro de debate sobre a mesma e o fomento do estudo da historia de Galicia e do Reino Suevo.

ORGANIZA CONCELLO DE PONTEVEDRA. SALÓN DE ACTOS, SEMINARIOS 1-4, VESTÍBULO DO AUDITORIO. MÁIS INFORMACIÓN EN www.reinosuevodegalicia.org

FEIRA | RECINTO FEIRAL

DO 25 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2010

Culturalg Pontevedra – Creativa 2010

Pontevedra será a sede desta nova edición da feira do Sector Cultural Galego, á que acuden por primeira vez todas as disciplinas culturais xuntas. Así, estarán representados o sectores do libro, artes escénicas, música, audiovisual e cada unha das ramificacións que fan posible a industria cultural. Durante a feira Pontevedra debe converterse na referencia cultural do país con distintas programacións en distintos espazos urbanos. Na feira estará presente unha delegación cultural de Brasil así como unha programación a medida da man do programa europeo *Creativa*, que se viña celebrando estes anos no sur de Galicia e Norte de Portugal.

Literatura

FESTIVAL | TEATRO PRINCIPAL

DO 12 AO 14 DE NOVEMBRO

I Festival Ponte-Poética

Festival poético onde se darán cita algunhas das voces máis salientables das 4 linguas e literaturas do Estado.

ORGANIZA ÁTNEO DE PONTEVEDRA



Obradoiros

OBRADOIRO|PAZO DA CULTURA DE LUNS A XOVES, DO 25 DE OUTUBRO DE 2010 ATA MAIO DE 2011

Á procura do tesouro

Obradoiros de expresión dramática, plástica e musical impartidos por Migallas Teatro e dirixidos a nenos e nenas de entre 4 e 12 anos.

ORGANIZA MIGALLAS TEATRO. SALA DE OBRADOIROS.

OBRADOIRO|PAZO DA CULTURA

SÁBADOS DO 30 OUTUBRO DE 2010 ATA MAIO DE 2011

A hora do conto

Obradoiros de animación á lectura impartidos por Pavís Pavós. As “Historias de verdade” será o tema transversal que centren as actividades desta edición.

ORGANIZA PAVÍS PAVÓS. SALA DE OBRADOIROS.

Danza

DANZA|PAZO DA CULTURA

SÁBADO 16 OUTUBRO 21.00 h

Etheria

Centro Coreográfico Galego

A peza plantexa unha viaxe ao mundo das grandes peregrinacións mergullándose na historia dunha personaxe real, Etheria, e o seu apaixonante periplo por Oriente Medio e Terra Santa entre os séculos IV e V A.D. Trátase dunha montaxe audaz e dinámica na que se combinan elementos da historia milenaria de Galicia con elementos da máis cotiá actualidade. Dirixe Mercedes Suárez.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

PREZO: 8 EUR (5 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS).

VENDA DE ENTRADAS EN [SERVIÑO.COM](http://serviño.com).



Ovay

Quique Peón Cía

Os 4 puntos cardinais son a referencia da que parte esta montaxe de Henrique Peón na que interpreta o primeiro solo de danza galega. Baile, canto, teatro e música ao vivo, nun espectáculo que conxuga movementos tradicionais e contemporáneos, tradición e innovación. A música é de Xosé Luís Romero e Suso Vaamonde.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

PREZO: 8 EUR (5 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS). VENDA DE ENTRADA EN serviñoiva.com.



O cascanoces

Ivanov Tchaikovsky

O Ballet Estatal Ruso interpreta a famosísima suite *O Cascanoces*. Esta obra comparte cartel con dúas pezas máis do célebre compositor ruso: a obertura de *Romeo e Xulieta* e o concerto para Violín.

PREZO ÚNICO: 18 EUR.

ENTRADAS Á VENDA EN www.caixagalicia.es.



Teatro

TEATRO | TEATRO PRINCIPAL

XOVES 30 SETEMBRO 21.00 h

Só

Monólogo de Carlos Blanco

“Só” presenta o Camiño de Santiago coma nunca o vimos antes: atascos nas corredeiras até chegar primeiros aos albergues, pintadas fascinantes, unha hostalería (a nosa) con tódolos matices posibles, anécdotas en varios idiomas, e, ao fin, Compostela, ou quizais Fisterra. O camiño de Santiago percorrido por un de Santiago: Un absurdo? Algo así. A nova aventura de Carlos Blanco ten bastón, mochila e ata coche de apoio. Unha delicatessen low cost.

ORGANIZA PRODUOCIO.

PREZO: 10 EUR. ENTRADAS Á VENDA EN servinova.com.



TEATRO | TEATRO PRINCIPAL

VENRES 15 OUTUBRO 21.00 h

Limpeza de sangue

Espello Cóncavo

Fernando e Pantaleón, procedentes de mundos aparentemente opostos, coinciden na sala de diálise dun hospital. Igualados pola situación e obrigados a facerse mutua compañía, ven nacer unha amizade inimaxinable.

Obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais do ano 2005 e Premio Nacional de Literatura Dramática do 2006.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

PREZO: 8 EUR (5 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS).

VENDA DE ENTRADA EN servinova.com.



Sexo? Por que non?

EME2, Emoción & Arte

Fuxindo do bombardeo pornográfico, do típico e do chiste fácil, *Sexo? Por que non?* é unha comedia trepidante na que desde Adán e Eva ata os nosos días se mostran situacións cotiás en torno ao encontro carnal. Unha comedia reflexiva, para mozos e maiores, un punto de encontro humorístico para rachar cos tópicos e os tabús.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

PREZO: 5 EUR (3 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS).

VENDA DE ENTRADA EN servinova.com.



Volpone

Talía Teatro

Obra que retrata satiricamente a nobres e non tan nobres señores, que teñen como principal interese reunir fortunas sen importar o ridículo que teñan que facer nin o custo que outros teñan que pagar. Nesta comedia poderemos rirmos de nós mesmos ao ver unha historia que fala dun dos nosos peores defectos: a corrupción.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

PREZO: 5 EUR (3 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS).

VENDA DE ENTRADA EN servinova.com.

Dani vs Dani

Espectáculo cómico a cargo dos coñecidos monologuistas televisivos Dani Martínez ("Tonte-rías las justas" de Cuatro TV); e Dani Rovira (de Paramount Comedy).

PREZOS ADIANTADA: ZONA A e B: 14 EUR; ZONA C: 12 EUR.

PREZOS BILLETEIRA (MESMO DÍA DA FUNCIÓN):

ZONA A e B 18 EUR; ZONA C: 15 EUR

ENTRADAS Á VENDA EN servinova.com.

ORGANIZA PRODUOCIO.



Historias peregrinas

Teatro do Noroeste

Un grupo de cómicos percorre o Camiño de Santiago representando Danzas da Morte e ás veces algún Auto Sacramental. A causa dunha edición defectuosa do Códice Calixtino, que lles serve como guía, pérdense nun bosque preto de Compostela...

Historias Peregrinas é unha comedia sobre as comedias cunha delicada galería de personaxes eminentemente teatrais para falar da vida, da aparencia e da realidade, da razón e a sen razón de ser.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

PREZO: 8 EUR (5 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS).

VENDA DE ENTRADAS EN serviño.com.



Os catro da Xunqueira

Limiar Teatro

Os catro da Xunqueira é un espectáculo teatral, musical, didáctico e interactivo para todos os públicos baseado na historia de tradición oral "Os catro amigos", presente tanto na cultura galega como na universal. Nela Can, Boi, Gata e Galo foxen da cidade buscando o seu lugar nun rural despoboado. A temática da peza vira sobre o despoboamento rural e o vínculo que se establece entre mozos e maiores. O espectáculo exemplifica a unión de modernidade e tradición creando en directo unha batería armada con pipos de viño, serras, apeiros de labranza e botellas que soa mediante disparadores *midi*.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

PREZO: 2 EUR .



El título de este espectáculo no es mi madre

Sexpeare

Estraña e aloucada comedia de acción con pingas de ciencia-ficción, que narra a historia de Marco, un home que acaba de morrer e que, en pleno proceso de reencarnación, debe despoxarse de todo canto foi (cantando). A pesar de ser un vagabundo do ultra mundo, Marco ¡mola mogollón! e nun universo frío, habitado por toda clase de seres extraños, emprende unha absurda fuxida que o levará ata Galicia, “El país del nunca jamón, siempre pulpo”.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. PREZO: 8 EUR (5 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS). VENDA DE ENTRADAS EN servino.com.



Los músicos del Titanic

Teatro Che y Moche

Los músicos del Titanic plantexa o afundimento do famoso trasatlántico dende a óptica dos músicos que ían nel. É unha pequena homenaxe a quen soubo quitarlle o dramatismo ao peor momento das súas vidas e mesmo tratar de axudar aos demais co que mellor sabían facer: música. A compañía aragonesa Teatro Che y Moche plantexa nesta montaxe un tema universal tratado cun espectacular repertorio musical no que se inclúen pezas como a *Habanera de Carmen* (G. Bizet) ou a *Marcha Radetzky* (J. Strauss).

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. PREZO: 8 EUR (5 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS). VENDA DE ENTRADAS EN servino.com.



Homenaxe a Aurora Vidal Martínez no centenario do seu nacemento

Representación teatral *Camino de Belén*, o seu primeiro libro, editado no ano 1946, que será representado despois de máis de 40 anos e que será interpretado por afeccionados pontevedreses.

ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO. PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

Música

MÚSICA|CINE|TEATRO PRINCIPAL E RÚAS DA CIDADE

SÁBADO 23 OUTUBRO 21.00 h

Universo Crebinsky

No ano 2009 un grupo de músicos xuntanse co encargo de crear a banda sonora da película *Os Crebinsky*. Tal foi a complicidade obtida entre os músicos que decidiron seguir xuntos e saír as rúas a deleitar a xente coa súa música.

O espectáculo *Universo Crebinsky* dura unhas 4 horas. Empeza cun pasarrúas no que a banda, caracterizada coa vestimenta da película, percorre as rúas até o Teatro Principal, e ao finalizar fai un concerto dunha hora.

ORGANIZA PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

ENTRADAS: 5 EUR (3 EUR PARA MENORES, PARADOS E XUBILADOS).



MÚSICA|PAZO DA CULTURA

SÁBADO 20 NOVENBRO 21.00 h

Concerto de Santa Icia

Coa participación da Banda Xuvenil de Salcedo, a Coral Polifónica de Salcedo e a Banda de Música de Salcedo.

ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO. PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

MÚSICA|TEATRO PRINCIPAL

DOMINGO 21 NOVENBRO 19.00 h

Concerto homenaxe a Santa Icia

Ademais dos anfitrións, a Coral Fogar da Alameda de Pontevedra, actuarán as corais *José Saramago* de Santiago de Compostela e o Coro *Ecós de Falón* do Rosal.

ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO. PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

MÚSICA|TEATRO PRINCIPAL

VENRES 3 DECEMBRO 21.00 h

Musgafol

Espectáculo musical para "Gaita e Orquestra" protagonizado por gaiteiros solistas e a Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra, dirixida por Javier Viceiro. O concerto será gravado ao vivo por Pablo Barreiro cun estudio móbil da Radio Galega.

ORGANIZA PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. ENTRADA GRATUÍTA.

MÚSICA|PAZO DA CULTURA

VENRES 10 DECEMBRO 21.00 h

Carmina Burana de Orff

Sinfonía nº 9. Beethoven

Concerto ofrecido pola Orquestra Sinfónica Estatal Ucraniana de Dnepropetrovsk e o Coro da Sociedade Filarmónica Nacional de Bielorrusia. Van interpretar *Carmina Burana*, a peza máis memorable do compositor alemán Carl Orff, inspirada na colección de poemas medievais dos séculos XII e XIII e a 9ª Sinfonía de Beethoven, unha das composicións máis universais do músico alemán.

PREZO ÚNICO: 18 EUR. VENDA DE ENTRADAS EN caixagalicia.es.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. ORGANIZA PROMOCONCERT.

MÚSICA|PAZO DA CULTURA

SÁBADO 18 DECEMBRO

Cantos na Maré

Como cada decembro desde 2003, *Cantos na Maré*, Festival Internacional da Lusofonía volve ao Pazo da Cultura para ofrecer un concerto mixto no que intervirán músicos galegos e doutras zonas do mundo tendo como nexo de unión e característica común: a lusofonía.

ENTRADA: 8 EUR ADIANTADA, 10 EUR EN BILLETEIRA. VENDA DE ENTRADAS EN servinova.com.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

MÚSICA|TEATRO PRINCIPAL

SÁBADO 18 DECEMBRO 19.00 h

Festival de panxoliñas

Coas corais Airiños de Campañó, Fogar da alameda, Bella Helenes e Coral O'Chopo.

ENTRADA GRATUÍTA. PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

MÚSICA|PAZO DA CULTURA

DOMINGO 19 DECEMBRO

Love of Lesbian

Concerto dos aclamados Love of Lesbian, un dos grupos máis importantes do panorama indie pop nacional. Presentan temas do seu último disco, o sexto da súa produción musical: *1999 (o como generar incendios de nieve con una lupa enfocando a la luna)*.

VENDA DE ENTRADAS EN servinova.com.

PROMOVE PAZO DA CULTURA

MÁIS INFORMACIÓN EN

www.myspace.com/loveoflesbian



MÚSICA | PAZO DA CULTURA

MÉRCORES **20 DECEMBRO 21.00 h**

Alabama Gospel Choir

Neste recital ofrecerán un repertorio composto por temas que van dende a música barroca até composicións do século XX, xunto aos espirituais negros e a música negra africana. O Alabama Gospel Choir é unha afamada formación de gospel que ten actuado en practicamente todo EEUU e gran parte de Europa.

PREZO ÚNICO: 18 EUR. VENDA DE ENTRADAS EN caixagalicia.es.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. ORGANIZA PROMOCERT.

MÚSICA | TEATRO PRINCIPAL

MARTES **23 DECEMBRO 21.00 h**

Concerto de Nadal

Banda de Música de Salcedo

ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO. PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

MÚSICA | TEATRO PRINCIPAL

DOMINGO **26 DECEMBRO 20.30 h**

Concerto de Nadal

Seminario Permanente de Jazz

O 10º Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra presenta os seus novos combos con moitas caras novas e a calidade de sempre.

ENTRADA GRATUÍTA.

MÚSICA | PAZO DA CULTURA

MARTES **28 DECEMBRO 21.00 h**

Johann Strauss. Gran Concerto de Aninovo

Strauss Festival Orchestra con Ballet

A Strauss festival Orchestra interpretará algunhas das máis coñecidas composicións de Strauss con motivo da celebración de Aninovo. Contará cun ballet clásico para obras como *Napoleón*, *Festa das Flores*, o *Vals do emperador* ou o *Danubio Azul*.

PREZO ÚNICO 18 EUR.

ENTRADAS Á VENDA EN www.caixagalicia.es.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. ORGANIZA PROMOCERT.

MÚSICA | TEATRO PRINCIPAL

Concertos en Familia

Serie de concertos ofrecidos pola Orquestra Filharmónica da Cidade de Pontevedra no que se musicaliza un texto literario. O obxecto deste ciclo é achegar a música aos rapaces e rapazas.

ORGANIZA ORQUESTRAS FILHARMÓNICA DA CIDADE DE PONTEVEDRA. ENTRADA: 2 EUR.

DOMINGO 17 OUTUBRO 18.30 H

*Historia dunha gaivota
e do gato que lle ensinou a voar*

Texto: Luis Sepúlveda.

Música: Sérgio Azevedo.

DOMINGO 24 OUTUBRO 18.30 H

*Os gnomos
de Gnu*

Texto: Umberto Eco.

Música: Sérgio Azevedo.

En Clave de Outono

*Ciclo de concertos
da Banda de Música
de Pontevedra*

ENTRADA GRATUÍTA



MÚSICA|TEATRO PRINCIPAL

XOVES **7 OUTUBRO 21.00 h**

*Antoloxía do Pasodobre
Banda do Música
de Pontevedra*

Concerto da Banda de Música de Pontevedra baixo a dirección de Juan Lois Diéguez.

MÚSICA|TEATRO PRINCIPAL

XOVES **21 OUTUBRO 21.00 h**

Gaita Sonora

Concerto da Banda de Música de Pontevedra baixo a dirección de Juan Lois Diéguez. Solistas: José Manuel López "Josele", Pablo de Vigo e Óscar Ibáñez.

MÚSICA|PAZO DA CULTURA

SÁBADO **6 NOVEMBRO 20.30 h**

Concerto da Banda de Música de Pontevedra baixo a dirección de Alejandro Cimadevila Louzao. Actuará coma banda convidada a Banda Xuvenil de Barro.

MÚSICA|TEATRO PRINCIPAL

XOVES **18 NOVEMBRO 21.00 h**

Metal Sonoro

Concerto da Banda de Música de Pontevedra.

MÚSICA|TEATRO PRINCIPAL

XOVES **16 DECEMBRO 21.00 h**

Madeira Sonora

Concerto da Banda de Música de Pontevedra baixo a dirección de Juan Lois Diéguez.

MÚSICA|TEATRO PRINCIPAL

XOVES **26 DECEMBRO 12.00 h**

Concerto de Nadal

Concerto de Nadal da Banda de Música de Pontevedra baixo a dirección de Juan Lois Diéguez.

Exposicións

EXPOSICIÓN|PAZO DA CULTURA

Do 7 DE OUTUBRO AO 28 DE NOVEMBRO DE 2010

Cerámica: A Pasta

Mostra colectiva de carácter itinerante con obra de artistas nacionais e internacionais. A exposición ofrece a posibilidade de admirar pezas de diferentes técnicas, linguaxes e acabados cun nexo común: transmitir sensacións a través da linguaxe da terra.

A idea de realizar *A Pasta* xorde na nosa cidade durante o encontro Internacional de Cerámica Contemporánea que se vén realizando en Pontevedra dende 1989.

SALA DE EXPOSICIÓN PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. DE MARTES A VENRES DE 17.00 A 21.00 H. SÁBADOS DE 11.00 A 14.00 H. E DE 17.00 A 21.00 H. DOMINGOS E FESTIVOS DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO. PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.



EXPOSICIÓN|PAZO DA CULTURA

Do 14 DE OUTUBRO AO 28 DE NOVEMBRO DE 2010

Dez anos do Proxecto Terra

A ordenación do territorio, o urbanismo e a arquitectura como ferramentas para acadar mellores condicións de vida centran esta exposición. Nela recóllese diverso material do Proxecto Terra, unha iniciativa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia que, en

colaboración coas institucións educativas, trata de mellorar os coñecementos dos escolares de Galicia sobre a nosa arquitectura e identidade territorial.

SALA DE EXPOSICIÓN PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. DE MARTES A VENRES DE 17.00 A 21.00 H. SÁBADOS DE 11.00 A 14.00 H. E DE 17.00 A 21.00 H. DOMINGOS E FESTIVOS DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO. PROMOVEN COAG E PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.



EXPOSICIÓN | PAZO DA CULTURA

Do 14 DE OUTUBRO AO 11 DE NOVEMBRO

Circuíto galego de fotografía submarina 2009

Exposición colectiva coas 39 mellores imaxes do Circuíto Galego de Foto-Sub 2009 máis unha informativa. O circuíto dispútase en oito probas organizadas por distintos clubs de Galicia e as fotos gañadoras en cada unha das seis categorías (ambiente, ambiente con modelo, peixe enteiro, parte de peixe, macro non peixes e macro selectivo) compoñen a selección exposta.

SALA DE EXPOSICIÓN PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. DE MARTES A VENRES DE 17.00 A 21.00 H. SÁBADOS DE 11.00 A 14.00 H. E DE 17.00 A 21.00 H. DOMINGOS E FESTIVOS DE 11.00 A 14.00 H. PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. ORGANIZA CLUB DE MERGULLO CROA FOTO-SUB.



EXPOSICIÓN | PAZO DA CULTURA

Do 10 DE DECEMBRO DE 2010 AO 9 DE XANEIRO DE 2011

Camiños

Exposición colectiva, comisariada por Alex Vázquez, na que 14 artistas de cidades pertencentes ao Camiño de Santiago portugués, exhibirán catro obras cuxa temática é o camiño.

SALA DE EXPOSICIÓN PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. DE MARTES A VENRES DE 17.00 A 21.00 H. SÁBADOS DE 11.00 A 14.00 H. E DE 17.00 A 21.00 H. DOMINGOS E FESTIVOS DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO. PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA E AMIGOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO.

Actividades concertadas con centros escolares

Máis información no teléfono 986 833 061

TEATRO | TEATRO PRINCIPAL

VENRES 15 OUTUBRO 11.30 h

Limpeza de sangue *Espello Cóncavo*

TEATRO | PAZO DA CULTURA

VENRES 22 OUTUBRO 11.30 h

Sexo? Por que non? *EME2, Emoción & Arte*

MÚSICA | PAZO DA CULTURA

DO 27 AO 29 DE OUTUBRO DE 2010 ÁS 10.00 E ÁS 12.00 H.

Sakapatú! Unha viaxe pola música andina

Serie de concertos de carácter didáctico dirixido aos máis novos nos que se propón unha peculiar viaxe musical. Comeza no Imperio Inca para continuar no Renacemento até chegar posteriormente ao folclore andino ou os ritmos da música dos escravos africanos.



PROMOVE OBRA SOCIAL FUNDACIÓN

"LA CAIXA" E PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.

TEATRO | TEATRO PRINCIPAL

XOVES 11 DE novembro ás 10.00 e ás 12.00 h

Volpone *Talía Teatro*

PAZO DA CULTURA | MÚSICA

LUNS 15 E MARTES 16 DE NOVEMBRO ÁS 12.00 H

Un conto de jazz *Concertos didácticos de jazz*

O Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra e OQO Editora únense para ofrecer ao alumnado de primaria de Pontevedra unha proposta única. Os músicos máis relevantes de Nova Iorque ilustrarán musicalmente un conto para nen@s. Con Darren Barrett, trompeta; Walter Smith III, saxo tenor; Orrin Evans, piano; Paco Charlín, contrabaixo; Reggie Quinerly, batería.

PROMOVE PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA. ORGANIZA SEMINARIO PERMANENTE DE JAZZ.

TEATRO | PAZO DA CULTURA

XOVES 25 NOVEMBRO 11.30 h

Historias peregrinas *Teatro do Noroeste*

TEATRO | PAZO DA CULTURA

XOVES 2 DECEMBRO 11.30 h

El título de este espectáculo no es mi madre *Sexpeare*

TEATRO | PAZO DA CULTURA

DO 23 AO 26 DE NOVEMBRO ÁS 10.30 E 12.30 H

Os catro da Xunqueira

Cultural:

Consulta toda a programación,
descarga este folleto en PDF e
subscríbete ao boletín electrónico
en www.pazodacultura.org

E se precisas máis información,
escríbenos a comunicacion@pazodacultura.org

Pazo da Cultura de Pontevedra

Teléfono 986 83 30 61
Rúa Alexandre Bóveda, s/n
Pontevedra

Horarios de venda en billeteira

Para os espectáculos no **Teatro Principal**, a billeteira abre unha hora antes de cada función.

No caso das representacións celebradas no **Pazo da Cultura**, a venda de localidades realizarase na propia billeteira do Pazo da Cultura desde dúas horas antes da función.

A programación pode sufrir cambios e cancelacións de última hora

www.caixanova.es

902 504 500



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Concellaría de Cultura



pontevedra
cultura

www.pontevedracultura.org



Pazo da Cultura de
PONTEVEDRA
Concello de Pontevedra



TEATRO
PRINCIPAL
Concello de Pontevedra

caixanova